



CONVENIO PARA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO PARA O PROXECTO SENLLEIRO DE REFORMA DA ANTIGA ESCOLA E ANTIGO CONSULTORIO MÉDICO DE MACENDO PARA LOCAL DE DINAMIZACIÓN SOCIAL, CULTURAL E DE IGUALDADE NA CATEGORÍA DE "PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DA VIDA SOCIAL, CULTURAL E EDUCATIVA DA COMARCA."

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, D. Avelino Pazos Pérez, na súa condición de alcalde do Concello de Castro de Miño, segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,





EXPOÑEN

Primerio.- Que ambas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións e o entorno para a mellora da calidade de vida da poboación que permitan por un lado unha adecuada oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e permitan así mesmo unha boa gama de servizos básicos que permitan a mellora das condicións de sociabilización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

Segundo.- Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a patrimonio histórico, a vida social, cultural e educativa e os produtos agrolimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión da vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas





actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros

(https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf), no que conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

Terceiro.- Nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Concello de Castrelo de Miño para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promove actividades e prestar os servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. No ámbito destas competencias, desenvolve todas aquelas funcións que favorezan o desenvolvemento da súa contorna. Por outro lado, o Concello de Castrelo de Miño, como entidade máxima da representación do seu territorio debe de ser unha entidade referente na potenciación de actuacións que favorezan ese desenvolvemento.

O 19 de xaneiro de 2024 o Concello de Castrelo de Miño presentou unha solicitude de colaboración, para a execución das obras de que se trata para o financiamento dun proxecto senlleiro de reforma e acondicionamento da antiga escola e antigo consultorio médico de Macendo dentro da categoría "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

Xunto ca solicitude achegou a memoria técnica onde se propón levar a cabo a reforma do edificio, o entorno e da accesibilidade da antiga escola e antigo consultorio médico de Macendo para local de dinamización social, cultural e de igualdade. O local que se pretende reformar, atópase ubicado no lugar de Meizo, dentro da parroquia de Macendo. Está moi deteriorado, polo que con esta reforma o concello pretende volver a darlle vida a un espazo emblemático de toda unha parroquia e poder poñer en valor a vida social, cultural, educativa, de igualdade de xénero e as tradicións de Castrelo de Miño.

En consecuencia, as citadas actuacións teñen cabida no Programa de proxectos senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, xa que, conforme ao citado Acordo do 20 de abril de 2022 do seu Consello de Dirección, contribúe a cohesionar a vida social no medio rural e a estimular o arraigamento da poboación sobre o territorio no que habita nel mediante a consecución dos seguintes obxectivos:





- Preservación dos valores sociais e culturais do medio rural.
- Potenciación de elementos que recuperen ou manteñan a historia e a memoria da comarca.
- Mellora da relación social dos veciños.
- Revalorización de infraestruturas e inmobles desaproveitados.
- Satisfacción de necesidades e aspiracións da veciñanza.
- Fortalecemento do orgullo e satisfacción de pertenza á comunidade rural beneficiaria do proxecto.
- Potenciación de elementos que recuperen ou manteñan a historia e a memoria da comarca.

Cuarto.- De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación. A necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca materialízase no uso e goce do mesmo co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos así como ofrecer a súa visita como complemento cultural e social.

Neste caso a memoria presentada polo Concello de Castrelo de Miño propón a realización de varias actuacións para a reforma e acondicionamento da antiga escola e antigo consultorio médico de Macendo dado que presenta deficiencias que afectan a funcionalidade, seguridade e accesibilidade das instalacións. A cuberta do tellado, os canlóns e as baixantes precisan ser arranxadas. Na fachada obsérvanse varias gretas que deben repararse con urxencia, antes de que se produza unha maior deterioración dos muros de carga. A pintura da mesma está igualmente deteriorada, dando un aspecto de precariedade e abandono ao edificio. A isto hai que engadir o mal estado dos verteaugas das xanelas, rotas na seu maior parte. O cerramento do edificio está constituído por un muro de bloques, sen apenas revestir ou con revestimento en mal estado, así como por unha malla de arame rota e destensada no e con óxido na súa totalidade.

Por último é preciso adaptar a entrada á planta baixa que supón unha barreira arquitectónica, xa que é completamente inaccesible para persoas de mobilidade reducida.

Todas estas actuacións facilitarán a relación veciñal na preservación dos valores sociais no medio rural o que incentiva a necesidade que ten esta Axencia en potenciar a recuperación do patrimonio histórico, cultural e social que manteñan a historia da comarca nese nexos de encontro veciñal.

A singularidade do proxecto do Concello de Castrelo de Miño reside na reforma e acondicionamento dunha antiga escola e consultorio médico de Macendo para destinalo a local de dinamización social, cultural e de igualdade. O local onde se pretende levar a acabo actividades actividades lúdicas, culturais e educativas





constitúe un lugar de encontro e relación veciñal que incentiva o desenvolvemento da comarca.

A subvención directa decídese en base a criterios obxectivos, que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros. En concreto, na regra 3.- Categorias de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías seguintes:

C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca:

- a. Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, por teren un marcado significado social, cultural ou educativo para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.
- b. (...)
- c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.

Por outra parte, o citado Acordo do 20 de abril de 2022 sinala como posibles entidades beneficiarias das axudas para os proxectos senlleiros as seguintes entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades en beneficio da poboación do rural galego: Concellos

Por último, o Acordo do 20 de abril de 2022 tamén sinala que o ámbito territorial de execución dos proxectos senlleiros será o todo territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás:

- a. Nas provincias da Coruña e de Pontevedra, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 6.000 habitantes.
- b. Nas provincias de Lugo e de Ourense, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 10.000 habitantes.
- c. Os termos municipais dos concellos de Vigo e da Coruña, tendo en conta que todo o territorio de ditos concellos ten un alto grao de influencia urbana, derivada da presenza das dúas cidades galegas máis grandes.
- d. Os parques empresariais situados no territorio dos concellos de Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra.

Polo exposto, o proxecto presentado polo Concello de Castrelo de Miño "Reforma e acondicionamento da antiga escola e antigo consultorio médico de Macendo" dentro da categoría de promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da





comarca, cumpre cos criterios obxectivos e subxectivos necesarios que xustifican o financiamento desta actuación a través dunha subvención directa e motivan a súa formalización a través deste convenio.

En consecuencia, as partes, asinan este convenio para a concesión dunha subvención directa, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O obxecto do presente convenio é o financiamento da memoria técnica presentada polo Concello de Castrelo de Miño para reforma do edificio, o entorno e da accesibilidade da antiga escola e antigo consultorio médico de Macendo para local de dinamización social, cultural e de igualdade como proxecto senlleiro na categoría promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca dentro do Programa de Proxectos Senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

As actuacións de reforma teñen como finalidade mellorar a calidade de vida da poboación que reside nesa parroquia e contribuír a fixar a poboación dese núcleo de Castrelo de Miño.

SEGUNDA.- Actuacións a realizar

As actuacións contempladas neste anteprojecto son as seguintes:

a) No recinto do edificio:

- Os traballos comezarán coa demolición da rampla e o pavimento existente na terraza dianteira do edificio, desde a cancela para entrada de vehículos ata a escaleira de entrada peonil, incluíndo dita escaleira, xa que haberá que facer una rampla accesible e unha nova pavimentación da terraza. Tamén se demolerá o peche de malla de arame que rodea toda a parcela. Os postes da fachada principal recortaranse en parte, ata unha altura de 40 cm, igual ao recrecido do peche de bloques, de forma que a parte conservada sirva de reforzo. Amorearanse os entullos para o seu posterior traslado á entulleira.
- O peche de bloques dianteiro recreceranse en altura dúas filas máis, acorde coa cota de elevación do pavimento. Tamén cerrarse con bloques o recorte da escaleira da entrada peonil e o alzado entre a rampla e a terraza.





Utilizarase fábrica de bloques ocos de formigón gris estándar para revestir, recibidos con morteiro, recheos de formigón e armadura segundo normativa.

- Será necesario rectificar a escaleira restante do recorte, coa construción de oito novos banzos ata alcanzar a cota da terraza. Estes banzos, forraranse con lousa de granito rosa abuxardada, con pegada e tabica de 3 e 1 cm de espesor respectivamente, recibidos con morteiro de cemento e area de faragulla M-5, rexuntado con leitada de cemento branco.
- O pavimento da nova rampla e terraza dianteiras, realizarase con soleira de formigón en masa de 15 cm de espesor, fabricada con formigón reforzado con fibra de polipropileno multifilamento, sobre encachado de pedra de granito, fratasado e acabado superficial raiado con anciño.
- Toda a fábrica de bloques de formigón e os piares do peche perimetral da parcela onde se sitúa o edificio, revestiranse dun recebado maestreado e fratasado con morteiro de cemento e area de río previa limpeza do soporte con auga a presión. Posteriormente, rematarase coa aplicación manual de dúas mans de pintura plástica, cor S 1002-E, acabado mate, textura lisa, impermeabilizante e transpirable, previa aplicación dunha man de imprimación acrílica, reguladora da absorción, a base de copolímeros acrílicos.
- Para protección dos desniveis da terraza e do muro frontal, e para a nova escaleira, de instalará varanda de 90 cm de altura, fabricada con perfís de tubo oco de aceiro laminado en frío, con pasamáns, pilastras, barandal superior a 12 cm do pasamáns e inferior a 3 cm en perfil e barrotes verticais, acabada con pintura esmaltada cor negra sen brillo, sobre imprimación de secado rápido.
- A excepción do muro de peche frontal, sobre os demais muros colocarse un cerramento de panel de malla electrosoldada galvanizada en quente, en substitución da malla trenzada simple en mal estado existente. Colocaranse paneis, con trama de 200/55/5 mm, de 1 m de altura e 2,5 m de anchura, apoiado en postes de formigón existentes, con placa basee para aparafusado ao muro, todo iso con recubrimento epoxi cor negra incluíndose a retirada da malla existente.
- As cancelas peonil e de vehículos, as reixas das xanelas e a varanda da escaleira de acceso á planta alta, revestiranse de pintura ao esmalte satinado, cor negro sen brillo, dúas mans e unha man de imprimación epoxídica, previo rascado dos óxidos e limpeza manual.

b) No tellado e fachada do edificio:

- As obras no tellado e fachada do edificio, iniciaranse coa montaxe dunha estada metálica tubular de aceiro, con dobre varanda quitamedo de seguridade, rodapié perimetral, plataformas de aceiro e escaleira de acceso tipo barco, arriostado ás fachadas e colocación de mallas protectoras.





- Demolerase a cubrición de tella cerámica curva e os canlóns e bajantes, amoreando os entullos para o seu traslado a entulleira.
- Despois procederase á reparación das gretas existentes nos muros, mediante o picado do revestimento en todo o percorrido da fisura, quitando a zonas soltas ou mal adheridas na contorna da fisura; posterior cosido con grampas fabricadas barras corrugadas de aceiro estrutural, con formade U. As grampas dispoñeranse de maneira sensiblemente perpendicular á fisura. Encheranse con morteiro de ancoraxe para armaduras de aceiro, os trades e a base de rózaa horizontal de modo que, ao colocar a grampa prodúzase o rebose do material de ancoraxe, que utilizaremos para revestir o exterior da grampa e protexela deste xeito, debendo quedar completamente oculta. Finalmente, encherase a greta e aplicarase unha primeira capa do revestimento con morteiro estrutural e sobre ela, colocarase unha malla de fibra de vidro antes de finalizar o revestimento. Non se aplicará pintura ata pasados uns 7 días para determinar se se produce algunha retracción por fraguado no revestimento que nos poida dar información falsa sobre o comportamento da fisura.
- A continuación colocarase a nova cuberta de tella cerámica curva vermella fixada mediante a colocación de listóns Onduline ancorados ao soporte por medio de cravos taco ou cravos espiral sobre placa Onduline baixo tella 235, cravada á estrutura de cuberta.
- Instalarase o novo canlón visto de chapa de aluminio lacado, de sección cadrada, fixado ao beirado mediante soportes lacados colocados cada 50 cm e totalmente equipado de pezas especiais, remates finais, soldaduras e pezas de conexión a baixantes. As baixantes serán do mesmo material, de 80 mm. de diámetro, con sistema de unión por remaches e selaxe con silicona nos empalmes, incluíndo as conexións, cóbados, abrazadeiras etc.
- Colocarase os novos verteaugas nas xanelas da fachada dianteira planta baixa, previa retirada das existentes rotas a base de baldosa de gres porcelánico para exteriores cor coiro similar a existente.
- Unha vez transcorridos 7 días do cosido das gretas, procederase á aplicación manual de dúas mans de pintura plástica, cor branca, acabado mate, textura lisa, impermeabilizante e transpirable, cun contido de substancias orgánicas volátiles; previa limpeza previa do soporte con cepillos ou elementos adecuados e ao lixado de pequenas adherencias e imperfeccións, e aplicación dunha man de imprimación acrílica, reguladora da absorción, a base de copolímeros acrílicos, cor branca, cun contido de substancias orgánicas volátiles. Para aplicar con brocha, rodete ou pistola, segundo UNE-EN 1504-2, incluíndose a protección dos elementos da contorna que poidan verse afectados durante os traballos e a resolución de puntos singulares.
- As escaleiras de acceso á planta alta son de granito rosa pulido, polo que son moi esvaradías. Por este motivo, órzase a colocación dunha banda





antiescorregadiza autoadherente de 50 mm de anchura, de alta resistencia á tracción e forte agarre abrasivo polas partículas de area de cuarzo duras, con potente adhesivo acrílico de longa duración de seguridade e agarre, cor negra.

- A porta de entrada á planta baixa é de madeira e necesita acondionala mediante un revestimento con verniz graxo, previa limpeza e lixado fino, cunha man de fondo con verniz diluído mesturado con produtos de conservación da madeira e dúas mans de acabado con verniz grosso, aplicado con brocha.

c) No interior do edificio do edificio:

- O edificio interiormente atópase nun bo estado de conservación. Con todo necesita unha reparación de gretas e golpes das paredes e teitos, para proceder a un novo revestimento con pintura plástica acrílica lisa mate lavable, en branco ou pigmentada segundo indicacións da dirección de obra, con dúas mans, imprimación e plastecido.

Ao abeiro do presente convenio considéranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos realizados polo beneficiario que se detallan no Anexo I "Orzamento desglosado e descrición por partidas" de este convenio e cumpran as condicións que se detallan na memoria técnica presentada.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello de Castrelo de Miño

O Concello de Castrelo de Miño comprométese a facer constar en toda a publicidade -tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Axencia e a Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da propia da Axencia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/1997, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

O beneficiario deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á





Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o Concello de Castrelo de Miño cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio

O Concello de Castrelo de Miño deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización a Axencia para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

O Concello de Castrelo de Miño comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos, polo menos durante un período mínimo de 5 anos sempre e cando se trate de bens inventariables. A Axencia poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

CUARTA.- Financiamento

O gasto total das actuacións de "Reforma e acondicionamento da antiga escola e antigo consultorio médico de Macendo" a desenvolver polo beneficiario no marco deste convenio, ascende a cincuenta e tres mil noventa e nove euros con trinta céntimos (53.099,30 €), para o período 2024.

Para o desenvolvemento desas actuacións, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural concede ao Concello de Castrelo de Miño unha subvención directa a fondo perdido por un importe de 53.099,30 euros para a anualidade 2024.





A achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos legais para ser beneficiario.

Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 , código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		TOTAL
Importe	2024	53.099,30 €
	53.099,30 €	

Os importes da subvención serán aboados trala presentación da documentación xustificativa da realización das actuacións financiadas (presentada no prazo e coas condicións indicadas na cláusula correspondente do presente convenio) e da emisión do correspondente informe técnico favorable por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que poderá recorrer, se o considera necesario, a o apoio de expertos externos.

Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE.

A achega conveniada trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Axencia poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo do 50% da cantidade total subvencionada. Este anticipo non poderá superar o importe previsto para cada anualidade. A concesión do anticipo farase mediante resolución motivada.





O pagamento restante realizarase no momento da completa xustificación polo Concello de Castrelo de Miño do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

O Concello de Castrelo de Miño tamén poderá solicitar pagos á conta, conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% da cantidade subvencionada, ou sexa, 42.479,44 €.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

No caso de que o Concello de Castrelo de Miño solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

QUINTA.- Xustificación dos gastos

O beneficiario xustificará ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a realización das actuacións por un importe total previsto de 53.099,30 € IVE incluído.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% rematará o 15.11.2024 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no presente convenio, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural requirirá conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que no prazo improrrogable de dez días a presente.





A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A conta xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>, e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade co visto e prace da persoa titular da alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Certificación ou informe da persoa titular da Secretaría ou da Intervención da entidade local ou, de ser o caso, do/da empregado/a público/a que, de acordo coa estrutura organizativa do concello, teña atribuída as competencias en materia de contratación pública, acreditativo de que o procedemento de contratación se tramitou nos termos previstos na normativa de contratación do sector público, e con indicación do procedemento seguido para a contratación das obras subvencionadas.
- Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Declaración que conteña unha relación detallada doutras subvenciones, axudas, ingresos o recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención.
- Permisos, licenzas e autorizacións que resulten preceptivos segundo a lexislación vixente.
- Acta de recepción.
- Aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que o órgano xestor considere convenientes.





A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, e devolverase toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

No caso de que o Concello de Castrelo de Miño non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

SEXTA.- Compromiso de participación das mulleres.

Mediante o presente convenio as partes asinantes asumen un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no seu ámbito de actuación como nos seus órganos de decisión.

SÉTIMA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.





Así mesmo, o Concello de Castrelo de Miño acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Así mesmo será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 15 de novembro de 2024, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

DECIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo Concello de Castrelo de Miño e un representante





designado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

DECIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio no lugar e data arriba indicado.

María José Gómez Rodríguez
(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)

Avelino Pazos Pérez

Presidenta da Axencia Galega de
Desenvolvemento Rural

Alcalde do Concello de
Castrelo de Miño





ANEXO I

- Orzamento

ORZAMENTO			
Nº	Descrición dos capítulos	%	Importe
01	Demolicións	6,78	2.273,09 €
02	Cuberta	25,63	8.593,31 €
03	Solados, alicatados e albanelería	19,77	6.627,10 €
04	Carpintería e cerraxería	19,30	6.471,52 €
05	Pinturas e barnices	26,57	8.906,97 €
06	Xestión de residuos	1,95	652,62 €
Orzamento de execución material			33.524,61 €
Gastos xerais 13%			4.358,20 €
Beneficio industrial 6%			2.011,48 €
Valor estimado do contrato			39.894,29 €
I.V.E 21%			8.377,80 €
Orzamento base de licitación das obras			48.272,09 €
Honorarios proxecto, dirección obra e coordinación seguridade e saúde (sen I.V.E)			3.989,43 €
I.V.E 21%			837,78 €
Honorarios proxecto, dirección de obra e coordinación seguridade e saúde			4.827,21 €
Orzamento total			53.099,30 €

- Orzamento desgloado por partidas

1.- Capítulo 01- Demolicións

- Levantamento cerramento en muros a man: Levantado de peche de postes de formigón e malla metálica, en calquera tipo de muros, incluídos cercos, follas e accesorios, por medios manuais, mesmo limpeza, retirada de entullos a pé de carga, sen transporte a entulleira e con p.p. de medios auxiliares.
 - Medición.....24,95 €
 - Importe.....6,44 €
 - Total partida.....160,68 €
- Demolición soleiras H.A.<15cm.C/Comp: Demolición de soleiras de formigón lixeiramente armado con mallazo, ata 15 cm de espesor, con compresor, mesmo limpeza e retirada de entullos a pé de carga, sen transporte a entulleira, con p.p. de medios auxiliares e medidas de protección colectivas.





- Medición.....36,61 €
- Importe.....14,46 €
- Total partida..... 529,38 €

- Demolición cuberta tella cerámica curva: Demolición de cubrición de tella cerámica curva, incluídos caballetes, limas, remates laterais, encontros con paramentos etc., por medios manuais e sen aproveitamento do material desmontado, incluso p.p. de canlóns e bajantes, limpeza e retirada de entullos a pé de carga, sen transporte á entulleira, e con p.p. de medios auxiliares e medidas de protección colectivas.

- Medición..... 85,30 €
- Importe.....15,59 €
- Total partida..... 1.329,83 €

- Levantamento carpintería en muros a man: Levantado de carpintería de calquera tipo en muros, incluídos cercos, follas e accesorios, por medios manuais, mesmo limpeza e retirada de entullos a pé de carga, sen transporte a entulleira e con p.p. de medios auxiliares e medidas de protección colectivas.

- Medición..... 16,56 €
- Importe.....15,29 €
- Total partida.....253,20 €

Total capítulo 01.....2.273,09 €

2.- Capítulo 02- Cuberta

- Cuberta tella curva s/onduline: Cuberta de tella cerámica curva vermella de 40x19x16 cm, fixada mediante a colocación de listóns Onduline ancorados ao soporte por medio de cravo taco ou cravo espiral sobre placa Onduline baixo tella 235, cravada á estrutura de cuberta, i/p.p. de pezas especiais, caballetes e limas, medios auxiliares e elementos de seguridade, s/NTE-QTT-11.

- Medición.....85,30 €
- Importe.....77,05 €
- Total partida.....6.572,37 €

- Canlón aluminio cuadrado deas. 300mm: Canlón visto de chapa de aluminio lacado de 0,68 mm. de espesor, de sección cadrada, cun desenvolvemento de 300 mm, fixado ao aleiro mediante soportes lacados colocados cada 50 cm e totalmente equipado, mesmo con p.p. de pezas especiais e remates finais de aluminio prelacado, soldaduras e pezas de conexión a bajantes, completamente instalado.

- Medición.....36,24 €
- Importe.....38,38 €
- Total partida.....1.390,89 €





- Baixante aluminio lacado D80 mm.: Baixante de aluminio lacado, de 80 mm. de diámetro, con sistema de unión por remaches e selaxe con silicona nos empalmes, instalada con p.p. de conexións, cóbados, abrazaderas etc.
 - Medición.....19,50 €
 - Importe.....32,31 €
 - Total partida.....630,05 €

Total capítulo 02.....8.593,31 €

3.- Capítulo 03- Solados, alicatados e albanelería

- Fabrica bloques formigón gris 40x20x20 cm: Fábrica de bloques ocos de formigón gris estándar de 40x20x20 cm. para revestir, recibidos con morteiro de cemento CEM II/B-M 32,5 N e area de río M-15, recheos de formigón de HM-25 e armadura segundo normativa, i/p.p. de formación de dinteles, zunchos, jambas, execución de encontros, pezas especiais, roturas, reformulo, nivelación, aplomado, rejuntado, limpeza e medios auxiliares, s/NTE-FFB-6, medida deducindo ocos superiores a 1 m2.
 - Medición.....27,24 €
 - Importe.....41,78 €
 - Total partida.....1.138,09 €
- Soleira HM-20, 15cm.+Encach.15cm: Soleira de formigón en masa de 15 cm. de espesor, realizada con formigón HM-20 N/mm2, reforzado con fibra de polipropileno multifilamento, sobre encachado de pedra de granito 40/80 mm, de 15 cm de espesor, vertedura, colocación, p.p. de xuntas, aserrado das mesmas, fratasado e acabado superficial raiado con anciño. Segundo NTE-RSS e EHE.
 - Medición.....34,46 €
 - Importe.....27,45 €
 - Total partida.....945,93 €
- Enfoscado maestreado-fratasado M-15 verticais: Enfoscado maestreado e fratasado con morteiro de cemento CEM II/B-P 32,5 N e area de río M-15, en paramentos verticais de 30 mm. de espesor, i/limpeza previa do soporte con auga a presión, regleado, sacado de arestas e recunchos con mestras cada 3 m e estadas, s/NTE-RPE-7, medido deducindo ocos.
 - Medición.....101,97 €
 - Importe.....14,40 €
 - Total partida.....1.468,37 €
- Restauración greta ladrillo revestir; grampado:
 - Medición.....20,00 €
 - Importe.....61,77 €





Total partida.....1.235,40 €

- Soleira gres porcelánico 33x33 cm. C/C: Verteaguas de xanelas a base de baldosa de gres porcelánico para exteriores, modelo Colonial de 33x33 cm, cor coiro, i/ recrecido de morteiro, i/rexuntado con lechada tapaxuntas e limpeza, i/retirada de vierteaguas existente.
 - Medición.....3,45 €
 - Importe.....31,16 €
 - Total partida.....107,50 €

- Formación banzo LHD 9cm. morteiro: Formación de banzo de escaleira con ladrillo cerámico oco dobre 24x11,5x9 cm., recibido con morteiro de cemento CEM II/B-P 32,5 N e area de río tipo M-5, i/reformulo e limpeza, medido na súa lonxitude.
 - Medición.....10,40 €
 - Importe.....51,75 €
 - Total partida.....538,20 €

- Banzo granito rosa pegada e tabica: Forrado de banzo de granito rosa, con pegada e tabica de 3 e 1 cm de espesor respectivamente, con acabado superficial abujardado, recibido con morteiro de cemento CEM II/B-P 32,5 N e area de faragulla M-5, i/rejuntado con lechada de cemento CEM II/B-P 32,5 N e limpeza, s/NTE-RSR, medido na súa lonxitude.
 - Medición.....10,40 €
 - Importe.....114,77 €
 - Total partida.....1.193,61 €

Total capítulo 03.....6.627,10 €

4.- Capítulo 04- Carpintería e cerraxería

- Persiana compacto aluminio lama Alum.-60: Conxunto de persiana enrollable de lamas de seguridade de aluminio extrusionado de 60 mm, cor branca, e caixón de aluminio, sistema compacto, con accionamento manual mediante cinta e recogedor, completamente equipada con todos os seus accesorios (carril redutor, eixo, polea, cinta e recogedor), mesmo con p.p. de guías e remates, montada, e con p.p. de medios auxiliares.
 - Medición.....16,56 €
 - Importe.....125,80 €
 - Total partida.....2.083,25 €

- Baranda de tubo de aceiro: Baranda de escaleira ou de balcón de 100 cm de altura con perfís de tubo oco de aceiro laminado en frío, con pasamán de 50x40x1,50 mm, pilastras de 40x40x1,50 mm. cada 70 cm con prolongación para ancoraxe a elementos de fábrica ou laxes, barandal superior a 12 cm. do pasamanos e inferior a 3 cm. en perfil de 40x40x1,50 mm, e barrotes verticais de 30x15 mm a 10 cm, acabada con pintura esmaltada cor negra NCS 8000-N





sen brillo, sobre imprimación de secado rápido. Elaborada en taller e montaxe en obra, mesmo recibido de albanelería.

- Medición.....22,67 €
- Importe.....131,11 €
- Total partida.....2.972,26 €

- PasamánsTUBO D=50 mm: Pasamáns metálico formado por tubo oco circular de aceiro laminado en frío de diámetro 50 mm., incluso p.p. de patillas de suxeición a base de redondo liso macizo de 16 mm. separados cada 50 cm., revestido con dúas mans de 40 micras cada, dunha de imprimación epoxídica gris aplicada a pistola sobre superficie de aceiro limpa e outras dúas mans de 40 micras cada unha, de esmalte sintético para aceiro en exteriores, cor negra NCS 8000-N sen brillo, i/montaxe en obra e recibido de albanelería.

- Importe.....40,33 €
- Total partida.....40,33 €

- Peche panel malla hércules lacado negro h=1 m: Cerramento con panel de malla electrosoldada galvanizada en quente, modelo Moreda Hércules Plus negro, con trama de 200/55/5 mm, de 1 m de altura e 2,5 m de anchura, apoiado en postes de formigón existentes, con placa base e para aparafusado ao muro, todo iso con recubrimento epoxi cor negra (RAL 9005), mesmo retirada da malla existente.

- Medición.....58,20 €
- Importe.....24,33 €
- Total partida.....1.416,01 €

Total capítulo 04.....6.471,52 €

5.- Capítulo 05- Pinturas e barnices

- Pintura plástica acrílica mate lavable .B/Cor: Pintura plástica acrílica lisa mate lavable profesional, en branco ou pigmentada, sobre paramentos horizontais e verticais, dúas mans, incluso imprimación e plastecido.

- Medición.....332,48 €
- Importe.....6,45 €
- Total partida.....2.144,50 €

- Instalación andamio metálico tubular h<8 m: Montaxe e desmonte de estada metálica tubular de aceiro de 3,25 mm de espesor de parede, galvanizado en quente, con dobre varanda quitamedo de seguridade, rodapié perimetral, plataformas de aceiro e escaleira de acceso tipo barco, para alturas menores de 8 m, incluso p.p. de arriostramientos a fachadas e colocación de mallas protectoras, e p.p. de medios auxiliares e traballos previos de limpeza para apoios. Segundo normativa CE e R.D.2177/2004.

- Medición.....237,45 €
- Importe.....11,27 €
- Total partida.....2.676,06 €





- Pintura plástica mate superior: Aplicación manual de dúas mans de pintura plástica, cor branca para a fachada e cor S 1002-E para os muros, acabado mate, textura lisa, impermeabilizante e transpirable, cun contido de substancias orgánicas volátiles (VOC) < 5 g/l, con Etiqueta Ecolóxica Europea (EEE), a primeira man diluída cun 15 a 20% de auga e a seguinte diluída cun 5 a 10% de auga ou sen diluír, (rendemento: 0,1 l/m² cada man); previa limpeza previa do soporte con cepillos ou elementos adecuados e ao lixado de pequenas adherencias e imperfeccións, e aplicación dunha man de imprimación acrílica, reguladora da absorción, a base de copolímeros acrílicos, cor branca, cun contido de substancias orgánicas volátiles (VOC) < 5 g/l, sobre paramento exterior de morteiro de cemento. Para aplicar con brocha, rodete ou pistola, segundo UNE-EN 1504-2. O prezo inclúe a protección dos elementos da contorna que poidan verse afectados durante os traballos e a resolución de puntos singulares.
 - Medición.....348,54 €
 - Importe.....9,01 €
 - Total partida.....3.140,35 €

- Esmalte satinado s/metal: Pintura ao esmalte satinado cor negra NCS 8000-N sen brillo, dúas mans e unha man previa de imprimación antioxidante, sobre carpintería metálica ou cerrajería, i/rascado dos óxidos e limpeza manual.
 - Medición.....30,72 €
 - Importe.....21,22 €
 - Total partida.....651,88 €

- Banda antiescorregadiza 50 mm: Banda antiescorregadiza autoadherente de 50 mm de anchura, de alta resistencia á tracción e forte agarre abrasivo polas partículas de area de cuarzo duras, con potente adhesivo acrílico de longa duración de seguridade e agarre, cor negra, para interiores e exteriores, mesmo limpeza do soporte e colocación.
 - Medición.....22,00 €
 - Importe.....8,79 €
 - Total partida.....193,38 €

- Barnizado graxo carpintería de madeira: Revestimento con verniz graxo, sobre paramentos verticais de madeira, previa limpeza do soporte, lixado fino, man de fondo con verniz diluído mesturado con produtos de conservación da madeira se se require lixado fino e dúas mans de acabado con verniz grosso, aplicado con brocha, segundo NTE/RPP-42.
 - Medición.....5,28 €
 - Importe.....19,09 €
 - Total partida.....100,80 €

Total capítulo 05.....8.906,97 €





6.- Capítulo 06- Xestión de residuos

- Carga e transporte a entulleira rsc: Carga e transporte de residuos sólidos xerados polas obras ata planta autorizada para a recepción de RSC, incluíndo canon de entulleira, en cumprimento do Art. 4 do Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos da construción.

• Medición.....	24,73 €
• Importe.....	26,39 €
Total partida.....	652,62 €

Total capítulo 06.....652,62 €

